


2015

Memoria anual




ANIDROM

## INDICE

|  |       |
|--|-------|
| INTRODUCCIÓN.....                                | 3     |
| OBXECTIVOS.....                                  | 3-5   |
| XERAIS.....                                      | 5     |
| Relacionados coas persoas usuarias do servizo    |       |
| Relacionados coas/os profesionais do servizo     |       |
| Relacionados coa empresa                         |       |
| ESPECÍFICOS.....                                 | 5     |
| Relacionados coas persoas usuarias do servizo    |       |
| Relacionados coas/os profesionais do servizo     |       |
| Relacionados coa empresa                         |       |
| PERSOAS DESTINATARIAS E USUARIAS DO SERVIZO..... | 5-8   |
| PERSOAS DESTINATARIAS.....                       | 5     |
| PERSOAS USUARIAS.....                            | 6-9   |
| DATOS CARACTERÍSTICOS DOS SERVIZOS.....          | 9-11  |
| RECURSOS.....                                    | 12    |
| ACTIVIDADES.....                                 | 12-13 |
| Coas persoas usuárias                            |       |
| Coa equipa de profesionais                       |       |
| De coordinación seguimento e control             |       |
| RESULTADOS.....                                  | 13-16 |
| Relacionados coas persoas usuarias do servizo    |       |
| Relacionados coas/os profesionais do servizo     |       |
| Relacionados coa empresa                         |       |

ANIDROM é una empresa de Axuda a Domicilio, e desde o 15 de abril de 2010 está inscrita no rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galiza, como Programa de Axuda no Fogar Anidrom. O noso é un servizo de atención profesional prestado no domicilio da persoa en situación de dependencia ou en risco de chegar a ela.

Aínda que son moitas as interrelación que se crean no desenvolvemento do traballo así entendido, Anidrom ten como fundamento e centro da súa intervención á persoa usuaria.



## OBXECTIVOS

### ▪ XERAIS:

#### RELACIONADOS COAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO

- Atender as necesidades da vida diaria das persoas usuarias do servizo en situación de dependencia, posibilitando que permanezan no seu fogar o maior tempo posible.
- Promocionar e/ou mellorar a autonomía persoal e psicococial das persoas usuarias do servizo, en situación de dependencia.

- Previr posibles situacións de dependencia e/ou agravamento da situación de dependencia das persoas usuarias do servizo

### **RELACIONADOS COAS/OS PROFESIONAIS DO SERVIZO**

- Promocionar a formación continuada das profesionais
- Promover a calidade no traballo profesional das auxiliares
- Crear unha equipa de traballo coordinada e efectiva

### **RELACIONADOS COA EMPRESA:**

- Adaptarse á normativa vixente para obter un servizo de calidade e en calidade
- Promocionar o crecemento da empresa tanto en persoas usuarias coma en persoal contratado.

#### **▪ ESPECÍFICOS**

### **RELACIONADOS COAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO**

- Atender as necesidades persoais, domésticas e sicosociais das persoas usuarias do servizo.
- Fomentar o benestar físico e emocional das persoas usuarias do servizo.
- Promocionar as relacións interpersoais e a participación na comunidade das persoas usuarias do servizo
- Achegar información e orientación sobre os recursos e prestacións máis indicadas para garantir e/ou mellorar a calidade de vida das persoas usuarias do servizo.
- Realizar control e seguimento continuo dos servizos contratados

### **RELACIONADOS COAS/OS PROFESIONAIS DO SERVIZO**

- Promover o acceso das auxiliares ás probas cara á obtención da súa cualificación profesional

- Perseguir a formación e continuidade dunha equipa profesional e coordinada.
- Realizar control e seguimento de casos cara a mellorar a calidade das intervencións.
- Establecer canles de comunicación interna cara a consolidar aquelas relacións que posibiliten a harmonización das diversas funcións dentro da equipa de traballo.

#### **RELACIONADOS COA EMPRESA:**

- Mellorar a calidade na prestación dos servizos
- Garantir a profesionalidade do servizo.
- Realizar protocolos propios de xestión, atención persoal e sicosocial
- Publicitar a empresa co fin de aumentar o número de contratación de servizos.
- Crear emprego ampliando os servizos realizados.
- Promover a coordinación externa con outras institucións e recursos cara a contribuir no desenvolvemento integral da promoción da autonomía das persoas.

### **PERSOAS DESTINATARIAS E USUARIAS DO SERVIZO**

#### **PERSOAS DESTINATARIAS**

Son destinatarias do servizo ANIDROM, todas aquelas persoas en situación de dependencia e/ou maiores de 65 anos que precisen coidados e/ou axuda nos seus domicilios para realizar tarefas básicas da vida diaria e para previr posibles situacións de dependencia e/ou agravamento da súa situación de dependencia .

## PERSOAS USUARIAS

### PERFIL DAS PERSOAS USUARIAS

#### A) Desagregadas por sexo:




Grafico 1. Elaboración propia. 2015

#### B) Desagregadas por idades e sexo:





Grafico 2. Elaboración propia. 2015

### C) Evolución das idades de persoas usuarias do servizo:



Graficos 3-4. Elaboración propia. 2015

Como se pode observar nos gráficos comparativos que se amosan enriba, desaparecen os picos de idades de persoas atendidas para formar unha liña ascendente tanto nas porcentaxes de mulleres atendidas como na idade das persoas usuárias dos servizos.

Do mesmo xeito segue a aumentar o número de persoas atendidas temporal e/ou puntualmente a causa do aumento de situacións de emerxencia e/ou urxencia. Neste punto cabe subliñar que o perfil é: home de entre 30-40 anos, solteiro e/ou divorciado com escasa ou nula vinculación sociofamiliar e com algunha problemática de saúde mental.

### D) Segundo situación civil:





Grafico 5. Elaboración propia. 2015

### E) Baixas e altas desagregadas por sexo:



Graficos 6-7. Elaboración propia. 2015




Grafico 8. Elaboración propia. 2015

Como se pode comprobar nos gráficos, no perfil das persoas usuarias, cumpre dicir que neste ano 2015, ANIDROM atendeu a un total de 26 persoas das que:

- O 58% son mulleres, fronte ao 75% de anos anteriores.
- O 80% son maiores de 75 anos (dos/as que o 80% superan os 81 anos e o 70% son mulleres)



- O 62% das persoas atendidas son viúvas (o 88% delas mulleres) o 24% casadas (o 70% delas mulleres), o 12% solteiras (o 70% delas homes) o 2% restante ten outra situación civil.
- 14 foron novas altas. (O 55% do total).
- 10 causaron baixa (o 80% homes).

### DATOS CARACTERÍSTICOS DOS SERVICIOS:

#### F) Segundo evolución mensual do servizo:




Grafico 9. Elaboración propia. 2015

#### G) Segundo permanencia no servizo:




Grafico10. Elaboración propia. 2015

**H) Segundo duración media do servizo (horas/semana):**




Gráfico 11. Elaboración propia 2015

**I) Total servizos realizados (por tipo):**




Gráfico 12. Elaboración propia 2015

## J) Segundo pertenza SAAD:




Gráfico 13. Elaboración propia. 2015

Como resumo dos datos aportados nos datos característicos do servizo neste ano 2015, sinalar que com respecto das persoas atendidas:

- 15 foron de contratación privada (o 58% do total)
- 7 persoas teñen recoñecida a súa dependencia (o 27% do total).
- 4 persoas tiveron libranza económica vinculada ao servizo de Axuda a Domicilio (o 16%)
- 3 persoas están dentro do SAAD con libranza económica vinculada ao servizo de Centro de Día.

Con respecto dos servizos realizados e da súa evolución:

- O 55% dos servizos son de entre 1-4 horas/semana, destes servizos o 65% son realizados a mulleres.
- A medida que aumenta a intensidade de horas/semana igualanse atención mulleres/homes.
- O 77% de persoas atendidas non superan os 2 anos de permanencia no servizo
- O 60% dos servizos concéntranse en tarefas sinxelas de coidados e aseo persoal (cambio de pañais, vestir, baño-ducha,...) e acompañamentos

## RECURSOS

### HUMANOS:

- 1 Directora
- 1 Traballadora social (Coordinadora)
- 5 Auxiliares de axuda a domicilio

### MATERIAIS

Instrumentos e material sociosanitario propio do servizo de axuda a domicilio  
(Uniforme, luvas, pañais...)

### FINANCIEIROS

O Programa ANIDROM obtén os seus ingresos do pagamento dos servizos contratados.

ANIDROM non conta con ningunha subvención das administracións ou entidades privadas, nen as ten solicitadas e/ou concedidas.

## ACTIVIDADES

### COAS PERSOAS USUARIAS

As propias dun servizo de axuda a Domicilio:

- **Persoais:** como por exemplo axudar a levantarse, a deitarse, a camiñar, no aseo persoal, administración de alimentos, administración de medicamentos, acompañamento dentro e fóra do fogar...
- **Domésticas:** como a limpeza da vivenda, a compra e preparación de alimentos, lavado e pasado da roupa, etc.
- **Sicosociais** servizos de prevención e promoción da autonomía para evitar ou impedir o agravamento das persoas en situación de e manter as súas capacidades persoais.
- **De relación coa comunidade:** acompañamento para saídas que potencien a interrelación cos recursos comunitarios. (Ver grupos de interese na nosa web)

### COA EQUIPA DE PROFESIONAIS

- Entrega de material formativo

- Preparación e supervisión cara ás probas de competencias profesionais.
- Participación nas estratexias a seguir.
- Consenso participado de protocolos.
- Xuntanzas de coordinación regularmente (mínimo 1 cuatrimestral).
- Xuntanzas de supervisión de casos regularmente (mínimo 1 cuatrimestral).

### **DE COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO E CONTROL**

- Xuntanzas de coordinación regularmente (mínimo 1 bimensual)
- Xuntanzas de supervisión de casos regularmente (mínimo 1 quincenal)
- Seguimento do cumprimento de protocolos de actuación.

## **RESULTADOS**

### **RELACIONADOS COAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO**

A consecución dos obxectivos elaborados nos proxectos personalizados e contratados coas persoas usuarias foi dun 85% e, no 100% dos casos, foron consensuados os proxectos de intervención coas persoas usuarias, así como cos/as profesionais municipais de referencia, cando foi o caso.

Podemos afirmar que no 100% das persoas atendidas e/ou nas súas familias ou coidadoras/es principais, iniciouse un proceso de cambio e TRANSFORMACIÓN positiva influindo directamente na mellora da súa autonomía e proporcionalmente do seu benestar..

### **RELACIONADOS COAS/OS PROFESIONAIS DO SERVIZO**

Con respecto á equipa profesional, conseguíuse consolidar o modelo de xuntanzas regulares que permiten o traballo coordinado e a avaliación continua tanto de casos como de calidade no servizo. (Coordinación interna).

Neste ano 2015, realizáronse:

- Xuntanzas de coordinación: nas que se trataron temas referentes a súa formación, o seguimento de protocolos e ás boas prácticas profesionais..
- Xuntanzas de supervisión de casos coa equipa: nas que se trataron estratexias a seguir naqueles casos máis precisados de intervención específica e persoaliza.
- Elaboración do Plan de Formación Contínua para mellorar a cualificación das profesionais.
  - Neste ano 1 das traballadoras conseguiron obter o seu certificado de cualificación profesional.

### RELACIONADOS COA EMPRESA:

Ademais de todos os datos relacionados, que xa se foron expoñendo nos apartados anteriores, e que dan conta do dinamismo e complexidade dos servizos, nas liñas que siguen, descríbense algún dos datos máis significativos en relación aos obxectivos que se trazaron para ser consecuentes e coherentes coa misión da empresa.

En anos anteriores detectáronse na análise de resultados, deficiencias que se incorporaron coma ámbito de mellora e calidade do servizo para este ano 2015.

Na seguinte diagrama pódense observar como se están a enfocar, cara a obtención de resultados, algún deles.




Gráfico 13. Elaboración propia 2015

Os resultados obtidos, seguindo o gráfico anterior serían como sigue:

—→ **Proceso de comunicación externa:**

Nº de servizos/ profesionais contactados:

- SS.SS municipais: 7 traballadoras sociais, 2 xefes servizos
- Centros saúde : 2 traballadoras sociais
- Empresa de limpeza municipal: dirección e operarios
- Outros servizos e recursos: Dirección erguete, Coidadores de barrio, programa Integra...

—→ **Proceso bolsa traballo:**

Nº demandas recibidas/ratio servizos realizados:

- Demandas realmente contactadas: 34
- Servizos contratados e realizados: 26 (77% dos demandados)

—→ **Proceso de creación de emprego:**

Nº novo persoal contratado/ media anual:

- Novas contratacións: 5 auxiliares
- Media anual: 1 nova contratación cada 2,5 meses

—→ **Proceso de formación continua:**

Índice de cursos da rama sociosanitaria:

- cursos da rama sociosanitaria: 1 ( ademáis da entrega de material formativo, preparación, supervisión y seguimiento formativo a 1 das traballadoras para a obtención do certificado de cualificación)
- Total persoal formado: 5
- Índice de éxito na formación: 100%

A maiores do descrito, e cara a mellorar a calidade na prestación dos servizos e garantir a profesionalidade nas intervencións, este ano consolidouse unha estreita cooperación entre a responsable da empresa e á traballadora social:

- Xuntanzas de coordinación: una por mes (exceptuando agosto) cara a establecer estratexias de mellora de calidade e proactividade empresarial.
- Xuntanzas de supervisión de casos e establecemento de obxectivos persoalizados e tarefas asignadas para o cumprimento de obxectivos, segundo os casos.
- Elaboración de soportes documentales para o control de calidade nos servizos.
- Elaboración de estratexias cara a realizar un futuro Plan de Formación Contínua para mellorar a cualificación das profesionais.

### **ÁREAS DE MELLORA:**

Os retos que marcamos cara ao seguinte ano, van encamiñados a:

- Implementar e fidelizar o número de servizos contratados
- Realizar un plan estratéxico que nos permita medir os resultados das actividades-tarefas dos servizos; o impacto (social e persoal) dos servizos e a capacidade da empresa.
- Captar novas persoas (familias) susceptibles de ser usuairias
- Sostentabilidade e crecemento empresarial.